

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL  
“(con)trato feito!” DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ANTECEDENTES**

O Concello de Lugo, como Administración pública máis próxima á cidadanía, debe procurar manter unha atención constante aos problemas que lle afectan. Un dos principais problemas é o desemprego que se dá actualmente no noso termo municipal, así en xuño de 2016 contabilizáronse no concello de Lugo 7.063 persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego nas oficinas de emprego do municipio de Lugo

Idade	Paro rexistrado en Lugo. Xuño 2016		
	MULLER	HOME	Total
DE 16 A 19 ANOS	39	54	<b>93</b>
DE 20 A 24 ANOS	130	122	<b>252</b>
DE 25 A 29 ANOS	353	293	<b>646</b>
DE 30 A 34 ANOS	466	335	<b>801</b>
DE 35 A 39 ANOS	610	423	<b>1.033</b>
DE 40 A 44 ANOS	573	377	<b>950</b>
DE 45 A 49 ANOS	538	405	<b>943</b>
DE 50 A 54 ANOS	470	429	<b>899</b>
DE 55 A 59 ANOS	421	445	<b>866</b>
DE 60 A 64 ANOS	300	280	<b>580</b>
<b>Total</b>	<b>3.900</b>	<b>3.163</b>	<b>7.063</b>

Nesta táboa, con datos detallados por sexo e por idade, pódese ver que na maioría dos tramos de idade é maior o número de mulleres desempregadas, e a diferenza acentúase a partir dos 30 anos.

Por este motivo, o Concello de Lugo, a través da Concellería de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, quere impulsar nestes intres a través do desenvolvemento dun **Plan de emprego** cen por cento municipal, denominado “(con)trato feito!”, actuacións prioritarias e eficaces de políticas que favorezan a empregabilidade, como é o estímulo á creación de empresas que contribúan á dinamización do tecido empresarial e á creación de novos postos de traballo, así como fomentar a mellora competitiva das empresas xa existentes.

Este Plan de emprego é novo neste Concello, se ben se levaron a cabo outras iniciativas nos últimos anos, como son as diferentes convocatorias de “Axudas do Plan Urban”, así como as “Axudas ás microempresas como apoio a novos investimentos e fomento da creación de emprego” ou a creación e xestión do Centro de Empresas e Innovación (CEI-NODUS), en funcionamento dende o ano 2004, como ferramenta para a promoción económica da cidade e apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais, a través do seu viveiro de empresas e do asesoramento a emprendedoras/es.

Agora ben, dentro do tecido empresarial, destacan pola súa importancia cuantitativa e cualitativa as pemes e os autónomos. Os estudos demostran que precisamente este tipo de empresas e emprendedoras/es constitúe un dos principais motores para dinamizar a economía española, dada a súa capacidade de xerar emprego e o seu potencial de creación de valor.

Estes axentes económicos teñen que desenvolver a súa actividade nunha contorna laboral, fiscal, reguladora e financeira que fan complexa a súa capacidade de adaptación aos cambios. Ademais, véñense enfrontando a unha dependencia estrutural do financiamento de orixe bancaria que pode limitar, en circunstancias como as actuais, a súa capacidade de expansión.

O marco regulador e institucional no que se desenvolven as actividades empresariais resulta de esencial importancia para impulsar ganancias de produtividade e optimizar os recursos. Por iso, é

imprescindible que desde as administracións públicas se potencie e se facilite a iniciativa empresarial, especialmente na conxuntura económica actual. É necesario o establecemento dunha contorna que promova a cultura emprendedora, así como a creación e desenvolvemento de proxectos empresariais xeradores de emprego e de valor engadido. A creación de emprego é a lóxica común que vertebra o conxunto de medidas que se recollen neste **Plan de emprego** municipal.

A Administración autonómica galega, por medio da súa Consellería de Economía, Emprego e Industria, dedica todos os anos, axudas a contratación de persoas desempregadas non só destinadas ás empresas, senón tamén dirixidas a asociacións, federacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro, pero axudas igualmente insuficientes na conxuntura actual, polo que neste Plan de emprego se consideran e se teñen tamén en conta como potenciais beneficiarias dos incentivos recollidos nel a estas entidades, como pezas importantes no desenvolvemento económico e de dinamización do territorio.

Polo tanto e visto o anterior, o Concello de Lugo decidiu por primeira vez que no orzamento da entidade para o ano 2016 se contemplara un **Plan de emprego** integramente municipal, dotado con **1.150.000 €**, dos 5.000.000 € que en total recollen os orzamentos para fomentar o emprego. Trátase de contribuír a paliar a difícil situación económica actual, procurando, deste xeito, diminuír as cifras de desemprego no noso municipio, facilitando non só a creación de emprego, senón tamén a continuidade das empresas existentes, facilitando a ampliación de horarios, a flexibilidade e conciliación laboral, etc. Ao mesmo tempo, a divulgación desta liña de axudas para contratación de persoas desempregadas no noso territorio tamén servirá para a atracción doutros proxectos promovidos por persoas de fóra, pero que o seu asentamento no noso municipio contribuirá a fortalecer o noso feble tecido industrial.

Esta convocatoria do **PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL “(con)trato feito!” DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO** rexerese polas seguintes:

**BASES**

## **1. OBXECTO E RÉXIME DAS AXUDAS**

O obxecto da convocatoria deste Plan de emprego é dinamizar a economía lucense, apoiar a creación de emprego principalmente nos sectores máis desfavorecidos, e que ao mesmo tempo contribúa á xeración dunha actividade empresarial respectuosa co medio ambiente, e innovadora con interese en aplicación de novas tecnoloxías, Networking...

As solicitudes, tramitación e concesión das axudas en réxime de concorrencia competitiva axustaranse ao disposto nos criterios de selección indicados no artigo 9 das bases que rexen esta convocatoria, de acordo co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o disposto na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP, do 18 de maio de 2005, ás bases de execución do orzamento municipal e demais normativa legal de aplicación.

## **2. AXUDAS BAIXO CONDICIÓNS DE “MÍNIMIS”**

As axudas establecidas nesta convocatoria quedan sometidas ao réxime de “mínimis” nos termos establecidos no Regulamento (UE) número 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de “mínimis” (DOUE número L 352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total de “mínimis” concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada. Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013.



Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas de “mínimis”, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

- a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.
- b) As axudas concedidas ás empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.
- c) As axudas concedidas ás empresas que operan no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, nos casos seguintes:
  - I) cando o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de produtos deste tipo adquiridos a produtoras e produtores primarios ou comercializados polas empresas interesadas.
  - II) cando a axuda estea supeditada a que unha parte ou a súa totalidade se lles repercuta ás ou aos produtores primarios.
- d) As axudas ás actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.
- e) As axudas condicionadas á utilización de produtos nacionais en lugar de importados.

### 3. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Este Plan de emprego artícuase a través de dúas liñas de axudas:

#### **LIÑA A- EMPRESAS.- Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses.-**

Poderán ser entidades beneficiarias desta liña de axudas as microempresas (segundo a definición recollida na Recomendación 2003/361 da U.E, do 6 de maio de 2003, é dicir, as empresas que ocupan a menos de 10 persoas, e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros), calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarias/os individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Dispoñer de capacidade e solvencia técnica
- Estar inscritas no rexistro público correspondente.
- Dispor dos medios técnicos necesarios para que o persoal traballador desempeñe ás súas tarefas.
- Que realicen a prestación de servizos no municipio de Lugo, é dicir, con domicilio fiscal no municipio de Lugo. Para o caso de entidades que dispoñan de máis dunha sede, só será beneficiaria aquela situada no ámbito municipal de Lugo, e quedará automaticamente excluída calquera outra.
- Non ter realizado despedimentos cualificados como improcedentes ou nulos de traballadoras/es nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das axudas establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- a. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b. Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a lei

concurral sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c. Dar lugar, por causa de que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d. Estar incurso a persoa física, as e os administradores das sociedades mercantís ou aquelas e aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e. Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g. Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h. Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria

i. Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, publicas ou privadas sen personalidade, cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j. En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

Ademais non serán beneficiarias:

- As empresas sometidas a réxime de “mínimis”, tal e como se indica no artigo 2 destas bases

Na liña de axudas desta convocatoria, para o caso de sociedades civís e comunidades de bens, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación.

**LIÑA B- ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO** (asociacións, federacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro (excluídas as entidades privadas participadas polo Concello de Lugo, total ou parcialmente), e que reúnan os mesmos requisitos que se esixen para as entidades da LIÑA A).- **Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses**

#### 4. ACTUACIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido, tal e como establece o artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**A través destas liñas de axudas, concederanse axudas en réxime de concorrencia competitiva para as seguintes actuacións:**



**LIÑA A- EMPRESAS: fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses**

**Custos salariais e de Seguridade Social:** serán subvencionables os custos salariais totais e de Seguridade Social a cargo da empresa, derivados das contratacións de persoas desempregadas inscritas, con ao menos seis meses de antigüidade como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego do municipio de Lugo, contados a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e deberán estar empadroadas no Padrón municipal do Concello de Lugo con anterioridade á convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia.

Exceptúanse dos custos salariais totais os **conceptos non subvencionables** seguintes:

- As horas extraordinarias, así como os incentivos, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- A indemnización prevista no artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores.
- Os incrementos salariais por encima do convenio sectorial.
- A roupa de traballo e EPIS.

Soamente se entenderá como actuación subvencionable a **contratación dunha ou dun traballador, como máximo, por entidade**. Poderase imputar a esta subvención un máximo de doce meses do contrato.

**As entidades deberán asinar coa traballadora ou traballador un contrato inicial en calquera das modalidades previstas legalmente, por un período mínimo de 12 meses, en xornada laboral a tempo completo ou a media xornada.** Para todos os efectos, este contrato rexerese pola lexislación laboral vixente. **O contrato deberá ser formalizado pola entidade no prazo dos 10 días naturais seguintes á data de remisión da notificación/publicación da resolución favorable de concesión, contados dende o día seguinte á saída da remisión da notificación/publicación.**

Estimarase como **importe subvencionable** para a LIÑA A o **70% dos custos salariais e de cotización empresarial á Seguridade Social, xerados mensualmente nos 12 meses da contratación, e, en todo caso, nunha contía non superior á establecida no convenio colectivo sectorial aplicable á entidade, e que será de aplicación a esta contratación, de acordo coa categoría profesional do persoal traballador. De non existir convenio aplicable, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores (salario mínimo interprofesional vixente)**. Exceptúanse dos custos salariais totais os conceptos non subvencionables mencionados anteriormente (horas extraordinarias, gratificacións voluntarias, incrementos salariais por encima do convenio sectorial, etc.).

Exclúense destes beneficios as contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación estivesen contratadas con anterioridade. As persoas contratadas deberán acreditar, ao menos, unha antigüidade de 6 meses, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, de xeito que no momento de publicación das bases e da apertura da convocatoria no BOP da Provincia de Lugo se computen ao menos 6 meses de antigüidade como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Lugo.

**No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora** pola que se conceda a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación temporal, nun prazo máximo de 20 días hábiles dende a devandita baixa, e polo período de tempo que lle quedase para concluír a duración do contrato obxecto da subvención, en igual réxime de xornada completa ou media xornada, e cumprindo a nova persoa traballadora os mesmos requisitos esixidos anteriormente (ser persoa desempregada inscrita con ao menos seis meses de antigüidade como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego do municipio de Lugo, e deberá estar empadroadada no Padrón municipal do Concello de Lugo con anterioridade ao día de inicio da apertura da convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia). Esta nova contratación deberá serlle comunicada dentro do anterior prazo ao órgano que concedeu a axuda, e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

## **LIÑA B- Entidades sen ánimo de lucro: fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses**

**Custos salariais e de Seguridade Social:** serán subvencionables os custos salariais totais e de Seguridade Social a cargo da entidade, derivados das contratacións de persoas desempregadas inscritas, con ao menos seis meses de antigüidade como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego do concello de Lugo, contados a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e deberán estar empadroadas no Padrón municipal do Concello de Lugo con anterioridade á convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia.

Exceptúanse dos custos salariais totais os **conceptos non subvencionables** seguintes:

- As horas extraordinarias, así como os incentivos, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- A indemnización prevista no artigo 49.1º c) do Estatuto dos traballadores.
- Os incrementos salariais por encima do convenio sectorial.
- A roupa de traballo e EPIS.

Soamente se entenderá como actuación subvencionable a contratación dunha traballadora ou traballador como máximo por entidade. Poderase imputar a esta subvención un máximo de doce meses do contrato.

**As entidades deberán asinar co persoal traballador un contrato inicial en calquera das modalidades previstas legalmente, por un período mínimo de 12 meses, en xornada laboral a tempo completo ou a media xornada.** Para todos os efectos, este contrato rexerese pola lexislación laboral vixente. **O contrato deberá ser formalizado pola entidade no prazo dos 10 días naturais seguintes á notificación/publicación da resolución favorable de concesión.**

Estimarase como **importe subvencionable para a LIÑA B o 100% dos custos salariais e de cotización empresarial á Seguridade Social, xerados mensualmente nos 12 meses da contratación, e, en todo caso, nunha contía non superior á establecida no convenio colectivo sectorial aplicable á entidade, e que será de aplicación a esta contratación, de acordo coa categoría profesional do persoal traballador. De non existir convenio aplicable, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores (salario mínimo interprofesional vixente).** Exceptúanse dos custos salariais totais os conceptos non subvencionables mencionados anteriormente (horas extraordinarias, gratificacións voluntarias, incrementos salariais por encima do convenio sectorial, etc.).

Exclúense destes beneficios as contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 6 meses anteriores á data da contratación estivesen contratadas con anterioridade. As persoas contratadas deberán acreditar, ao menos, unha antigüidade de 6 meses, inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, de xeito que no momento de publicación das bases e da apertura da convocatoria no BOP da Provincia de Lugo se computen, ao menos, 6 meses de antigüidade como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Lugo.

**No suposto de extinción da relación laboral dunha persoa traballadora** pola que se conceda a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación temporal, nun prazo máximo de 20 días hábiles dende a devandita baixa, e polo período de tempo que lle quedase para concluír a duración do contrato obxecto da subvención, en igual réxime de xornada completa ou media xornada, e cumprindo a nova persoa traballadora os mesmos requisitos esixidos anteriormente (ser persoa desempregada inscrita con, ao menos, seis meses de antigüidade como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego do municipio de Lugo, e deberá estar empadroadada no Padrón municipal do Concello de Lugo con anterioridade ao día de inicio da apertura da convocatoria destas axudas no Boletín Oficial da Provincia). Esta nova contratación deberá serlle comunicada dentro do anterior prazo ao órgano que concedeu a axuda, e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.



**Poderán solicitar anticipos de pagamento as devanditas entidades (LIÑA B) ata un importe máximo do 90% da subvención concedida. En todo caso, estas deberán observar as obrigas establecidas na Lei xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.**

## **5. IMPORTES DAS AXUDAS**

**LIÑA A.- EMPRESAS.- Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses:**

Estimarase como importe subvencionable o **70% dos custos salariais e de cotización empresarial á Seguridade Social**, xerados mensualmente nos 12 meses da contratación, e, en todo caso, nunha contía non superior á establecida no convenio colectivo sectorial aplicable á entidade (calculada no momento de formular a solicitude), de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. **De non existir convenio aplicable, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores e ao salario mínimo interprofesional vixente.**

Non obstante, os importes das anteriores subvencións que se reciban a través desta convocatoria, en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo das actividades subvencionadas.

**LIÑA B.- ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO.- Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses:**

Estimarase como importe subvencionable o **100% dos custos salariais e de cotización empresarial á Seguridade Social**, xerados mensualmente nos 12 meses da contratación, e, en todo caso, nunha contía non superior á establecida no convenio colectivo sectorial aplicable á entidade (calculada no momento de formular a solicitude), de acordo coa categoría profesional da persoa traballadora. **De non existir convenio aplicable, estarase ao disposto no Estatuto dos traballadores e ao salario mínimo interprofesional vixente.**

Non obstante, os importes das anteriores subvencións que se reciban a través desta convocatoria, en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo das actividades subvencionadas.

## **6. ORZAMENTO**

Dótase esta convocatoria do **Plan de emprego** con 1.150.000 € con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 24100.47000 - **Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses: 1.150.000 €.**

O 80% desta cantidade dedicarase á LIÑA A - Empresas, e o 20% restante á LIÑA B - Entidades sen animo de lucro. Sen prexuízo de que se unha vez avaliadas e resoltas as solicitudes, para o caso de que quede remanente nunha das liñas se dispoña do mesmo para a outra liña. Os importes de partida dispoñibles para cada liña son os seguintes:

LIÑA A.- EMPRESAS.- 920.000,00 €

LIÑA B.- ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO.- 230.000,00 €

## **7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado do anexo I no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, dende a publicación das bases e convocatoria no BOP da provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

O **formulario de solicitude (ANEXO I)** estará a disposición das e dos solicitantes no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no CEI-NODUS e na páxina WEB do Concello de Lugo.

Á devandita solicitude acompañarase orixinal e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

- a. Copia do DNI
- b. Tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.
- c. Documentación acreditativa da alta no IAE ou alta no Censo de obrigados tributarios.
- d. Documentación acreditativa da alta na Seguridade Social.
- e. No caso de sociedades, escritura de constitución inscrita no rexistro correspondente, e DNI da/do representante e poder de representación.
- f. No caso das asociacións, fundacións, federacións e demais entidades sen ánimo de lucro: representación da entidade solicitante e escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, e deberá quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.
- g. Modalidade contractual da persoa traballadora para contratar, duración do contrato e xornada laboral. (Anexo I)
- h. Cadro resumo do perfil das persoas traballadoras e retribucións. (Anexo I)
- i. Declaración da autorización ao Concello de Lugo para consultar a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas diferentes administracións públicas: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Seguridade Social e Xunta de Galicia. No caso de que a persoa solicitante opte por non autorizarlle ao Concello de Lugo a consultar a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas diferentes administracións públicas, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e Xunta de Galicia, nos que se certifique tal aspecto. Non será necesario aportar certificado de estar ao corrente de pagamentos co Concello de Lugo, xa que a súa comprobación terá carácter interno. (Anexo I)
- j. Convenio colectivo sectorial de aplicación (con táboas salariais actualizadas)
- k. Declaración da entidade do cumprimento da condición de ser microempresa. (Anexo I)
- l. Declaración responsable doutras axudas concedidas ou solicitadas para o mesmo fin. (Anexo I)
- m. Declaración responsable doutras axudas suxeitas á normativa de “mínimis”, solicitadas ou concedidas polas diferentes administracións públicas ou entes públicos, nacionais ou internacionais para outras actuacións. (Anexo I)
- n. Certificado da conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da axuda.
- o. Memoria descritiva do obxecto da contratación, características desta, onde se especificarán funcións, retribucións, categoría profesional, convenio colectivo sectorial aplicable, así como os aspectos cualitativos e sociais que deberan ser avaliados xunto coa solicitude, de acordo cos criterios de selección, que deberá ter en conta o equipo avaliador. Máximo 2 folios (tipografía: Arial – 12)
- p. Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación. (Anexo I)
- q. Solicitude de anticipo de pagamento, se é o caso (anexo I) –soamente Liña B.

Poderase solicitar toda a información que se considere necesaria para a comprobación do cumprimento dos requisitos e a correcta valoración da solicitude.

Ao longo de todo o procedemento, as comunicacións e requirimentos realizaranse a través da páxina WEB, Taboleiro de Anuncios municipal e/ou correo electrónico.





Todas as comunicacións realizadas aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os actos e comunicacións relativas ao programa que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no Taboleiro de Anuncios e na páxina [www.lugo.gal](http://www.lugo.gal), e a publicación producirá os mesmos efectos que a notificación. Non obstante, cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico ao enderezo que as e os interesados designasen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Para estes efectos, as persoas interesadas deberán achegar o ANEXO I debidamente cuberto e asinado.

Se do exame do expediente, segundo o procedemento establecido, se comprobase que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, requiriráselle á entidade solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles dende o día seguinte á notificación/publicación na páxina web, Taboleiro de Anuncios ou correo electrónico, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se considerará que desistiu da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 desta lei.

**8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.-** Estará integrada por un mínimo de tres persoas, funcionarias do Concello de Lugo.

**9.- PROCEDEMENTO VALORACIÓN E RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES:**

Sempre que se cumpran os requisitos establecidos nestas bases, a comisión de valoración prevista no artigo anterior valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das disponibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das subvencións no ámbito territorial e tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos, ata un máximo de 10 puntos, repartidos do seguinte xeito:

- CALIDADE DA MEMORIA PROXECTO E ADECUACIÓN AO OBXECTO DESTE PROGRAMA. PUNTUACIÓN MÁXIMA DESTE APARTADO: 5 PUNTOS

Esta memoria deberá ser descritiva da actividade da empresa, e do interese da entidade en favorecer o seu crecemento e competitividade para situala como unha empresa do século XXI na que se propician e incentivan políticas de Networking, innovación, emprego das TICs, redes sociais e por outra banda o interese da entidade na aplicación de cláusulas medioambientais e cláusulas sociais nos contratos de traballo do seu cadro de persoal ou que contemplan calquera outra mellora que redunde en beneficio do persoal traballador (horario flexible, achegas ás e aos traballadores - bolsas de estudos, plans de pensións, seguros médicos - ou medidas de conciliación da vida laboral e familiar, etc.). Polo tanto, será obxecto de avaliación neste apartado a aplicación destas medidas para o cal as entidades e empresas interesadas en obter subvención deberán achegar unha MEMORIA PROXECTO no que se inclúa:

- Descrición da actividade da empresa e medidas adoptadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable para mellorar a innovación, o emprego de novas tecnoloxías e redes sociais que fagan á empresa máis competitiva.

- Medidas adoptadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable que contribúan a que a empresa sexa respectuosa co medio ambiente.

- Medidas de carácter social aplicadas ou que se pretenden adoptar durante o período subvencionable que contribúan a unha mellora da calidade do emprego do cadro de persoal.

**Esta memoria debe ter un máximo 2 folios de extensión (tipografía: Arial – 12).-**

ATENCIÓN A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS E COMPROMISO DE CONTINUIDADE NO EMPREGO. PUNTUACIÓN MÁXIMA DESTE APARTADO: 5 PUNTOS

- Ademais, na memoria anterior indicárase expresamente, se é o caso, a vontade da entidade en crear emprego entre os colectivos con maiores dificultades na procura de emprego, e de manter a contratación unha vez rematado o período subvencionado. Estes aspectos serán avaliados coa seguinte puntuación:

- Contratación dunha muller: 0,5 puntos
  - Contratación dunha persoa desempregada de longa duración (máis de 12 meses): 0,5 puntos
  - Contratación dunha persoa maior de 45 anos ou menor de 30 anos (na data de publicación das bases e convocatoria no BOP): 0,5 puntos
  - Contratación dunha persoa con discapacidade de ao menos o 33%: 0,5 puntos
  - Asinar un contrato laboral cunha duración superior a doce meses esixible, como mínimo, e referido á contratación obxecto desta subvención: ata un máximo de 3 puntos.
- Obterán 3 puntos os que se comprometan a realizar unha contratación laboral indefinida e que para efectos da avaliación equivale a 36 meses. A distribución dos puntos é proporcional ao número de meses da ampliación do contrato ofertado.

As empresas ofertarán esta ampliación en anos ou meses, e deberá esta ampliación facerse constar no primeiro contrato que se asine aínda que a subvención só cubrirá os 12 meses iniciais.

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas será de concorrencia competitiva, polo tanto, **será de obrigado cumprimento que a contratación se efectúe observando escrupulosamente o indicado e baremado nos apartados anteriores, xa que de non cumprir co indicado libremente pola entidade no momento da solicitude, suporá a perda da condición de beneficiaria/o, de xeito que non recibirá a subvención, ou incluso poderá esixírselle o reintegro das cantidades percibidas con anterioridade, polo cal resulta aconsellable que todas as entidades interesadas realicen unha sondaxe previa á presentación da solicitude coa oficina de emprego para comprobar que colectivos de persoas indicadas anteriormente (mulleres, persoas discapacitadas, paradas e parados de longa duración, etc.) poden ser contratadas para o posto de traballo que a empresa precisa.**

O órgano instructor dos expedientes será o Departamento de Desenvolvemento Local adscrito á Concellería de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico do Concello de Lugo.

O órgano instructor comprobará o cumprimento dos requisitos expresados nestas bases, sendo a comisión de valoración a encargada da valoración das solicitudes e asignación de puntuación e proposta de concesión da subvención.

A repartición do orzamento previsto farase entre todas aquelas solicitudes presentadas que cumpran os requisitos para seren subvencionables.

As solicitudes de subvención resolveranse unha vez recibidas todas as solicitudes no prazo establecido, e serán resoltas no prazo máximo dun mes, dende a data de peche de recepción de solicitudes.

As solicitudes presentadas en tempo e forma e non resoltas expresamente dentro dos seis meses seguintes á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes entenderanse



denegadas, sen prexuízo da obriga expresa de resolver que o artigo 42.1 da Lei 30/1992 lle atribúe á Administración.

Tal e como sinala o artigo 29.4 da Ordenanza municipal de subvencións do Concello de Lugo, para as subvencións tramitadas en réxime de concorrencia "A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as e os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou ou alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa".

O Concello de Lugo deberá facilitar a información anterior á Base de Datos Nacional de Subvencións.

## 10. ACEPTACIÓN / RENUNCIA EXPRESA Á SUBVENCIÓN

Notificadas e publicadas as resolucións definitivas polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa renuncia ou aceptación expresa, nos termos establecidos no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo I.

## 11. ACTUACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Unha vez publicas as resolucións e remitidas as notificacións ás entidades beneficiarias de concesión favorable da subvención, estas **disporán dun prazo de 10 días naturais contados dende o día seguinte á devandita notificación/publicación para formalizar o contrato de traballo coa persoa desempregada e para dala de alta no réxime xeral de Seguridade Social**. Se non se realizan as dúas actuacións anteriores no devandito prazo, a entidade perderá a condición de beneficiaria.

**Así mesmo, a entidade deberá achegarlle ao Concello de Lugo, dentro dese mesmo prazo de 10 días naturais, a documentación acreditativa da contratación realizada:** contrato de traballo, informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego no que poida verificarse a antigüidade da demanda da ou do traballador contratado, DNI da persoa traballadora, informe de vida laboral da ou do traballador contratado e informe de vida laboral da empresa, ambos os dous actualizados, certificado acreditativo da discapacidade nunha porcentaxe de, ao menos, o 33% da persoa traballadora contratada, se é o caso.

Para o caso de que a empresa non cumpra coas condicións da solicitude, extinguirase o dereito a percibir subvención e perderá a condición de beneficiaria.

A entidade beneficiaria para ter dereito ao pagamento da subvención deberá manter no cadro de persoal a persoa traballadora contratada durante un período mínimo de 12 meses, contados dende a data de alta no réxime xeral da Seguridade Social desta última.

## 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA AXUDA

**Fomento da creación de emprego a través da contratación de persoas desempregadas no municipio durante un período mínimo de 12 meses:**

**LIÑA A: empresas.**

Non se concederán anticipos de pago, se ben a xustificación e solicitude do pagamento da axuda poderase realizar por trimestres naturais vencidos, ao longo do período mínimo de 12 meses da contratación realizada, de tal maneira que nos 10 días naturais seguintes ao transcurso do trimestre, a entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento relativo a este. En todo caso, aquelas entidades beneficiarias que desexen realizar unha xustificación pola totalidade do período mínimo de duración da contratación, é dicir, dos 12 meses, poderán realizala igualmente, se ben sempre solicitándoo no prazo de 10 días naturais seguintes ao rematar o dito período.

Para os dous supostos anteriores, pagos trimestrais ou pola totalidade, a entidade beneficiaria presentará no mesmo lugar sinalado para a solicitude unha relación de todos os gastos segundo o modelo do anexo II e orixinais e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

- a. Contrato, nóminas e TC (tc1 e tc2).
- b. Xustificantes do pagamento de custos de persoal e da cotización empresarial á Seguridade Social admitidos por un importe polo menos igual ao do importe para xustificar (xustificante bancario no que estea perfectamente identificada a transacción). Non se admitirán pagamentos por caixa. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria.
- c. Informe de vida laboral do persoal traballador contratado e informe de vida laboral da empresa, ambos os dous actualizados (para o caso de solicitude de pagos trimestrais, os devanditos informes presentaranse coa solicitude do respectivo trimestre para aboar).
- d. Declaración responsable actualizada á data (seguindo o modelo presentado no momento da solicitude) doutras axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo fin. (Anexo II)
- e. Declaración responsable doutras axudas suxeitas á normativa de “mínimis”, solicitadas ou concedidas polas diferentes administracións públicas ou entes públicos, nacionais ou internacionais, para outras actuacións. (Anexo II)
- f. Certificado da conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da axuda (para o caso de solicitude de pagos trimestrais, o devandito certificado soamente se presentará coa solicitude do primeiro pago do primeiro trimestre para aboar).
- g. No caso de que a persoa solicitante optase por non autorizarlle ao Concello de Lugo a consultar a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas diferentes administracións públicas no momento da solicitude, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e Xunta de Galicia, nos que se certifique tal aspecto. Non será necesario aportar certificado de estar ao corrente de pagamentos co Concello de Lugo, xa que se comprobará de forma interna por este. (Anexo II)

Os custos salariais subvencionables e cotización empresarial á Seguridade Social para xustificar deberán estar comprendidos exclusivamente dentro do período mínimo dos 12 meses de duración do contrato subvencionado. Os xustificantes de pagamento dos mesmos deberán estar comprendidos nese mesmo período.

En caso de que o gasto xustificado sexa menor ao estimativo presentado e aceptado nesta liña, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o pago.

Os formularios de xustificación e solicitude de pagamento, estarán a disposición das entidades beneficiarias no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no CEI-NODUS e na páxina WEB do Concello de Lugo.

#### **LIÑA B.- Entidades sen animo de lucro**

A xustificación e solicitude do pagamento da axuda poderá realizarse por trimestres naturais vencidos, ao longo do período mínimo de 12 meses da contratación realizada, de tal maneira que nos 10 días naturais seguintes ao transcurso do trimestre, a entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento relativo a este. En todo caso, aquelas entidades beneficiarias que desexen realizar unha xustificación pola totalidade do período mínimo de duración da contratación, é dicir, dos 12 meses, poderán realizala igualmente, se ben sempre solicitándoo no prazo de 10 días naturais seguintes ao rematar o dito período.

Para o caso de que as entidades desta LIÑA B) tivesen solicitado e concedido un anticipo, obrigatoriamente deberán presentar trimestralmente os documentos acreditativos do cumprimento do obxecto da subvención: xustificantes de pago bancarios, nóminas, TCs, etc.



Para os dous supostos anteriores, pagos trimestrais ou pola totalidade, a entidade beneficiaria presentará no mesmo lugar sinalado para a solicitude unha relación de todos os gastos segundo o modelo do anexo II e orixinais e copia para a súa compulsa da seguinte documentación:

- a. Contrato, nóminas e TC (tc1 e tc2).
- b. Xustificantes do pagamento de custos de persoal e da cotización empresarial á Seguridade Social admitidos por un importe polo menos igual ao do importe para xustificar (xustificante bancario no que estea perfectamente identificada a transacción). Non se admitirán pagamentos por caixa. Os xustificantes de pagamentos telemáticos deberán estar conformados pola entidade bancaria.
- c. Informe de vida laboral do persoal traballador contratado e informe de vida laboral da entidade, ambos os dous actualizados (para o caso de solicitude de pagos trimestrais, os devanditos informes presentaranse coa solicitude do respectivo trimestre para aboar).
- d. Declaración responsable actualizada á data (seguindo o modelo presentado no momento da solicitude) doutras axudas concedidas e/ou solicitadas para o mesmo fin. (Anexo II)
- e. Declaración responsable doutras axudas suxeitas a normativa de “mínimis”, solicitadas ou concedidas polas diferentes administracións públicas ou entes públicos, nacionais ou internacionais para outras actuacións. (Anexo II)
- f. Certificado da conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso da axuda (para o caso de solicitude de pagos trimestrais, o devandito certificado soamente se presentará coa solicitude do primeiro pago do primeiro trimestre para aboar)
- g. No caso de que a persoa solicitante optase por non autorizarlle ao Concello de Lugo a consultar a súa situación de estar ao corrente de pagamentos coas diferentes administracións públicas no momento da solicitude, deberá achegar os certificados emitidos en soporte papel pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Seguridade Social e Xunta de Galicia, nos que se certifique tal aspecto. Non será necesario achegar certificado de estar ao corrente de pagamentos co Concello de Lugo, xa que se comprobará de forma interna por este. (Anexo II)

Os custos salariais subvencionables e cotización empresarial á Seguridade Social para xustificar deberán estar comprendidos exclusivamente dentro do período mínimo dos 12 meses de duración do contrato subvencionado. Os xustificantes de pagamento destes deberán estar comprendidos nese mesmo período.

En caso de que o gasto xustificado sexa menor ao estimativo presentado e aceptado nesta liña, a axuda axustarase á baixa na mesma proporción na que se reduce o pago.

Os formularios de xustificación e solicitude de pagamento estarán a disposición das e dos beneficiarios no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no CEI-NODUS e na páxina WEB do Concello de Lugo.

### **13. DEREITOS E OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS**

As entidades beneficiarias deberán cumprir, principalmente, as seguintes obrigas:

- Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada durante o período de 12 meses de duración do contrato subvencionado nas condicións e conforme aos compromisos indicados na solicitude
- Comunicarlle a baixa da persoa traballadora contratada ao Concello e substituíla por outra nas mesmas condicións recollidas nestas bases no prazo de 20 días hábiles dende a extinción da relación contractual.
- Realizar o gasto dos custos salariais subvencionables e o seu pagamento nas datas establecidas nesta convocatoria.

- . Formalizar o contrato de traballo coa persoa traballadora e dala de alta na Seguridade Social no prazo de 10 días naturais dende a recepción da notificación/publicación da resolución de concesión da subvención, e remitirle ao Concello a documentación xustificativa da contratación efectuada e do cumprimento dos compromisos reflectidos na solicitude.
- . Solicitar os aboamentos das subvencións unha vez presentadas as contas xustificativas.
- . Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo así como a lexislación de datos de carácter persoal, así como satisfacer as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da subvención.
- . Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida.
- . Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar o Concello de Lugo.
- . Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- . Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- . Asumir os custos non subvencionables.
- . Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia
- . Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- . A entidade beneficiaria queda suxeita ao réxime de obrigas e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **14. PUBLICIDADE DA AXUDA RECIBIDA**

O Concello de Lugo resérvase o dereito a realizar cantas accións de información e publicidade considere oportunas de cara á transparencia e ao cumprimento das obrigas que como administración pública deben de observarse.

As bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas, na Base de datos nacional de subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Lugo ([www.gal.lugo](http://www.gal.lugo)), conforme ao art. 14.1 da Lei xeral de subvencións, así como no Boletín oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiaria/o, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

#### **15. COMPATIBILIDADE, ACUMULACIÓN, SEGUIMIENTO E CONTROL DAS AXUDAS CONCEDIDAS**

As liñas de axudas serán compatibles con outras axudas obtidas para a mesma finalidade sempre que a suma dos importes concedidos non faga que se superen os límites sinalados pola lexislación nacional (non poderán ser superiores ao 100%). Para estes efectos, dende o Departamento de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo realizarase o seguimento das axudas de “mínimis” dos últimos tres anos para o cal, ademais da declaración realizada pola persoa solicitante, poderían realizarse as consultas de comprobación que se estimen oportunas con outras administracións.

Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.



Concello de Lugo

As empresas beneficiarias deben cumprir todas as obrigas que establece para as e os beneficiarios o artigo 14 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tales como realizar as actuacións requiridas, xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións sinalados nas bases, conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, someterse ás actuacións de comprobación, etc.

O Concello de Lugo, por iniciativa propia ou a instancia doutros organismos nacionais ou comunitarios, poderá realizar as accións de inspección e control e solicitar os documentos necesarios para garantir o cumprimento das finalidades perseguidas por esta convocatoria.

Se unha vez pagada a axuda se observase algunha das causas de reintegro citadas no punto 1 do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou se observase o incumprimento das obrigas establecidas no apartado 13 das bases, requiriráselle á ou ao beneficiario o importe indebidamente cobrado mais os xuros legais establecidos e os incrementos sinalados na lexislación vixente, tendo a consideración de ingreso de dereito público, de acordo co disposto nos artigos 38, 40, 41 e 42 da citada lei de subvencións.

## **16. PROTECCIÓN DE DATOS**

O Concello de Lugo velará polos datos de carácter persoal incorporados a este procedemento administrativo, e haberá que a terse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros agás de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.



MURALLA  
patrimonio da humanidade